

BUCIÑOS E OCAÑA MARTÍNEZ (PARA O CATÁLOGO CONTEMPORÁNEO DA ICONOGRAFÍA DE SAN ROSENDO) CON UN EXCURSUS HISTÓRICO



Xabier Limia de Gardón

Damos a coñecer neste artigo, redactado no tempo do Ano Xubilar de San Rosendo (1977-2007), durante o seu MC aniversario do seu falecemento, varias obras que teñen a san Rosendo como centro. As esculturas de Manuel García Vázquez (Buciños, Carballedo - Lugo, 1938) queren completar a súa aportación estelar á iconografía do santo de Celanova feita con ocasión do milenario do seu nacemento¹ con unha obra feita para a dioceses de Tui - Vigo, principalmente. As mans de quen fora o xefe de protocolo da Deputación, Anxo Martínez, influíron así mesmo no caso de José Antonio Ocaña Martínez (Frieira de Quintela, Crecente - Pontevedra, 1949), artista pintor que tamén naquelas datas fixera un gran ciclo sobre a vida do santo, e outros proxectos monumentais. Con

ocasión da exposición conmemorativa que desde o verán está a visitar Ourense e Celanova, destacamos o seu impulso creador neste tema, coa excepcional achega dun políptico -instalación especialmente realizado para os fastos conmemorativos deste ano xubilar. Dous homes de arte, "Buciños" e "Ocañamartínez": dous artistas contemporáneos coetáneos con san Rosendo en foco desde finais dos anos setenta do pasado século. As obras de ámbolos dous artistas forman o principal, con un apéndice no que incluímos dúas obras históricas en Iria Flavia, a gran esquecida neste ano xubilar, e unha talla en Louredo (Ourense) do santo, precisada de atención restauradora urxente, por parte da Diocese, como aportación directa ao patrimonio cultural galego este ano.

I. MANOLO DE BUCIÑOS

Para a nova igrexa da parroquia de san Salvador de Torneiros dedicada a San Rosendo, sita no concello de Porriño (provincia de Pontevedra), fixo o mestre do bronce unha imaxe de culto coa advocación do patrón en 1990. Na colección do autor, pode verse dúas versións: a primeira delas en madeira, e unha segunda en bronce, sendo aquela a escollida e desde a que se fixo finalmente a que se lle dá culto. "Buciños" represéntao como Bispo, con mitra. O santo está de pé, e parado, coa forza concentrada no xesto do rostro, coa mirada dirixida cara o ceo, expresión que reforza coa man dereita, que agarra con forza un sinxelo bordón, que cruza diante do corpo. A súa delgada cara de home de idade madura, e

1. Como data a firma "Buciños 1977", aínda que foi colocada ao ano seguinte, Cfr. María de las Mercedes GALLEGO ESPERANZA, *Evocaciones en Piedra y bronce. Escultura pública en Ourense, (1887-1992)*, Ourense, 1993, pp.111-113.

perfilado bigote curvo sobre a unha barba chea de rizos que está dividida no centro do queixo formando un eixo co nariz e a punta da mitra. Débese destacar cómo leva unha ampla capa que lle cubre desde o ombreiro esquerdo ata os pés, que se baixa polo costado dereito pola acción da man que agarra o mencionado bordón, co que descubre o seu miúdo espido. Trátase dun elemento iconográfico singular que non ten aparecido nas representacións históricas e tampouco nas outras actuais, tanto as deste artista como as de outros... agás algunhas das pinturas que Ocaña Martínez fixera a finais dos anos setenta. A obra de "Buciños" ten unhas curvilíneas formas e un tratamento da vestimenta en capas paralelas, con unhas significativas fendas a ámbolos dous lados da capa, elementos ao estilo de Lucio Fontana (1899-1968), un dos pais do movemento do "espacialismo" que se orixinou na década seguinte á segunda guerra mundial. Mais



Buciños.
San Rosendo
Bispo e Pastor
(col. do autor).
Foto Xavier Álvarez



Manolo de Buciños: *San Rosendo, madeira (col. do autor). Primeira versión da estatua do patrón da parroquia de Torneiros (Porriño, Pontevedra).* Foto Xavier Álvarez



Segunda versión da obra de Buciños para Torneiros en bronce (col. do autor).
Foto Xavier Álvarez

aquí poden servir para que a masa "respire", desde a tectónica do bronce. En efecto, na versión rexeitada -a segunda-, o artista practica algunhas fendas máis na lámina broncea. En xeral, mantén a disposición comentada aínda que agora lle coloque na man un báculo episcopal, que lle chega ata altura dos ollos, que leva no intradorso tres perfíles de follas. Ademais, o rostro

está máis baixo, nunha pose menos mística, aínda que mantén un elevado ton de ascetismo desde o seus alto status relixioso e político - social como Bispo. Un tratamento semellante se pode atopar nunha obra súa máis recente, colocada en espazo urbano da cidade de Ourense: a de Castelao, inaugurada fai uns anos na Praza da Imprenta polo alcalde Cabezas Enríquez.

Unha peza menor, de tamaño, relivaria de concepción pero con volumétrica rostro é outra na que se representa sedente, con vestimenta ampla pero máis próxima á dun monxe que á dun Bispo, que é como se representa, pois

se cubre por unha mitra, posta a través, cos cornos de fronte, levantando o brazo por riba do rostro para elevar sobre a súa cabeza o báculo, que semella un caxato de pastor. O brazo oposto se pousa sobre o xeonllo deste lado, repousando, en dicotomía opositiva coa outra, provocando así a variación do tratamento curvilíneo dos perfís (cóncavo do lado dereito, convexo do esquerdo).

II. OCAÑA MARTÍNEZ

De xeito excepcional se pode cualificar a intervención de Ocaña Martínez no proceso definidor da iconografía rosendiana contemporánea. Máis aló do impacto singular de Bucíños, desde súa sobranceira achega iconográfica celanovense; máis aló, incluso, da repetitiva abundancia das obras de Xosé Cid –artistas ambos que en Ourense teñen definido ao fundador do mosteiro de Celanova desde cadansúa praxis escultórica sempre como bispo e nos espazos urbanos–, Ocaña ten renovado a súa presentación plástica dun xeito de maneira total desde un ciclo sobre o santo, monxe, bispo e pacificador², desde unha exposición monográfica baseada na vida do santo, inseríndoo na plástica contemporánea, expresando desde achegas renacentistas, principalmente, e do seu espazo vital e tempo (exposición de Bacon,...), unhas fondas preocupacións plásticas. É a súa unha aportación proteica agachada ata agora, que se completa neste ano xubilar con un políptico - instalación que pecha unha fase na plástica rosendiana e abre outra cara novos retos estéticos.

Para a súa exhibición no Centro Cultural da Deputación, na capital provincial, e no ex mosteiro de Celanova que fundara o santo, promovemos esta gran exposición de Ocaña Martínez. Consta de pinturas, esculturas e debuxos, e ocupa o sobreclaustro barroco e as salas dos extremos. Trátase de dúas mostras nunha, que a modo de ponte apoia un piar no ano 1977, e outro no 2007, ámbalas dúas datas enormemente significativas para Celanova e a arte galega.

A exposición de 1977, que motiva o impulso expositivo inicial, foi realizada cando o artista empezaba o seu camiñar en Madrid, tralo seu paso por Ourense. Son cadros ao temple, sobre liño, de grandes dimensións, nos que trata como único tema a vida de San Rosendo, mais de xeito libre a partir dos seus estudos de anatomía renacentista e barroca. Son vinte e catro pinturas expresionistas e nove debuxos, entre as que hai un tríptico de catro metros, ademais dunha serie de esculturas, en madeira, bronce e formigón armado.

O discurso plástico ábrese con tres cadros nos que Rosendo e un Anxo dialogan desde o movemento. Este abre outro grupo de tres no que un mozo Rosendo é ensinado polo Bispo Sabarico, aprendizaxe episcopal mindoniense. Chegamos así ante un lenzo que fala do destino: “Rosendo joven entre el poder y la nada”, entre un esqueleto –inspirado no gravado de Calcar da obra do médico Andrea Vesalio–, que toca coa man chea de osos a barba do ancián cando este procedía a pór a mitra ao mozo: un palíndromo sim-



Ocaña Martínez: “Rudesindus, o poder e a nada” (1977), temple de ovo e óleo/liño., colección do autor.



Rudesindus meditando, 1977 idem, idem.

Rudesindus e o Anxo (I), 1977, idem, idem.



2. Juan Carlos GARCÍA ALÍA, *Ocaña Martínez: iconos e instantes de la contemporaneidad (I)* (pinturas 1983-1989), Madrid, 2003, p. 6.



Rudesindus e a morte, 1977, idem, idem.



Debuxo, 1977, tintas, acuarela e sanguina. Col. Xulio Lamelas Míguez.

Fotos Mani Moretón

bólico. Logo a triloxía, que forman “Pobreza”, “Dignidade” e “Forza”. A secuencia vital rosendiana ten o seu reflexo co santo en actitude melancólica, ao estilo da figura do xenial Michelángelo pintado polo grande mestre Rafael na “Escola de Atenas”; na súa loita episcopal contra os normandos; e coas insignias da súa dignidade dirixíndose de bo grado para recibir a chave de Celanova, do mosteiro de San Salvador, e retirarse ao claustro, á “cella”. Esta dicotomía é alternada polo aresta en diante: Fránquila morre ante Rosendo con hábito; como Bispo diante dun esmoleiro sen roupa diríxese a unha muller encinta, tamén espida, cun monxe cunha caveira detrás súa, esquema dinámico en cruz e de fondo simbolismo. Como monxe, en fin, cun corvo que se precipita diante dos seus pés e ante a presenza da morte, que tampouco falta cando Rosendo como Bispo sostén un diploma ante un atril. Rosendo morto, sobre o sudario e, finalmente, Rosendo dirixíndose cara a un home que arde, para, como ave Fénix, rexurdir un día. Todo iso ante un Anxo, que é o numen celeste e divino, desde o alba ao ocaso, omnipresente

A eles se engade, debuxos e esculturas, destacando entre estas os proxectos do monumento que daquela se pensaba instalar no Xurés arraiano, tanto do val de Salas como portugués, no que se percibe a súa forza titánica. Unha creatividade ao resol de Anxo Martínez, mentor e amigo. Exhibida daquela, a fins dos anos setenta, na sala da Delegación de Educación, e no claustro barroco celanovense, está no recordo dos menos, sendo agora cando se pode apreciar o verdadeiro alcance do empuxe, e mecenario, daquel visionario do Rudesindus medieval, que

logo con Manolo de Bucinos e, sobre todo, co grande mestre Xosé Cid, espallou a súa presenza.

O POLÍPTICO CONMEMORATIVO DO ANO XUBILAR: “O MILENIO RECOBRADO”

Ocaña volve a beber no 2007 da auga rosendiana e déixanos para esta singular ocasión xubilar unha obra especial: un políptico. Xermola así unha singular proposta plástica, intelectual e reflexiva, que trae ata os nosos días aquela antiga práctica da pintura en “follas” de fins da Idade Media. O artista fai un discurso pictórico desde un panel central, con dúas ás da mesma altura, asimétricas e, por remate, outro cadro. Pero hai que contemplar, necesariamente outros elementos, como unha proxección en vídeo, polo que estamos ante unha instalación. Con acrílico, “collage” e “transfer”, incorpora unha serie de elementos que enriquecen as texturas con fío de liño e incluso pedras semi preciosas que engade ao ouro da cruz, cun sentido arqueolóxico notable. A nai do artista, María Rosa, trenzou o fino liño das sandalias que leva un Anxo músico. E sobre o chan proxecta unha filmación dunha caveira en anamorfose, que previamente pintou. Todo o conxunto, envolvido nunha lograda penumbra con teas negras, busca suxerir un significado existencial na atmosfera apropiada. A música gregoriana especialmente traída para a ocasión, e un sutil arume que impregna a estancia, conseguen “quasi unha fantasía”, un efecto ao xeito do estilo Barroco, época na que a improvisación e a imaxinación compositiva antepúñanse ás formas e estilos convencionais. Na sociedade contemporánea moitos artistas sucumben ao inmediato



Sen título, 2006-2007. Políptico instalación, acrílico, transfer; ouro, video anamórfico, espello e audio, colección do autor; realizado con ocasión do ano xubilar.

da materia, concedéndolles un valor substitutivo. Fano por fuxir da realidade, pois lles compromete. Aquí, á inversa, o artista toma un camiño de compromiso porque quere facer unha recapitulación desde as súas orixes, completando o contido expresivo coa potenciación do espazo circundante para expresar desde a esfera vital, unha verdade universal: a necesidade dunha toma posición persoal, nun momento existencial máis aló da metade do camiño da vida no que Dante postulou o deber de baixar ao inferno para poder ir ao paraíso. Ou en palabras de Ocaña Martínez "o home fronte á súa propia existencia".

Deste xeito, tralo paso polo sala nobre do centro cultural da Deputación, nos meses de Xuño e Xullo, a exposición ten convertido ao sobreclaustro do ex mosteiro beneditino de San Salvador de Celanova no centro

expositivo do milésimo centésimo aniversario do nacemento de San Rosendo, desde Agosto a Novembro, desde o verán ata o outono.

III. EXCURSUS HISTÓRICO

1. ALTAR E RETABLO DE SAN ROSENDO NA COLEXIATA DE IRIA FLAVIA (PADRÓN, A CORUÑA)

Na Colexiata de Iria (Padrón), sede episcopal na que estivo San Rosendo³, hai un retablo colateral de estilo clasicista, con columnas pareadas de fuste liso e capiteis xónicos, e tímpano triangular de remate con dous anxos axeonllados nos cimacios adorando a cruz do eixo, onde está a estatua do santo. Na única rúa do retablo, sobre o pedestal, está unha semicircular fornacina, con cascarón pintado con nubes semicircular que leva na parte superior unha cartela

Fotos Mani / Moretón



Panel central da obra anterior, na que o santo en figura de Ocaña se insire no espazo dun compás coa cruz na man, símbolos alusivos a Celanova, xunto co espello que aparece no panel superior do políptico. Coa igrexa mozarabe de san Miguel ao fondo, Anxo vestido con hábito de frade sepárase no seu camiñar máis aló da escena, na que canta un neno con referencias aos nosos días nas vestimentas que leva.

3. Con gran perplexidade asistimos ao feito de que o Arcebispado de Compostela, ao que pertence, decidise obviála nos fastos do Ano Xubilar, ao par das dioceses de Ourense e Mondoñedo - Ferrol, afastándose dos datos da historia.



Ocaña Martínez.
Rudesindus guerreiro, 1977. Bronce,
20 cm. col. do autor.

Foto Mani Moretón

con unha inscrición en letras capitais, na que se pode ler:

“S RUDESINDUS / EPISCOPUSYRIENSIS (sic)”.

A estatua representa, en efecto, ao santo como Bispo, con mitra, anel na dereita e báculo na esquerda⁴. Nun xesto teatral, avanza o pe esquerdo e abre o dereito, máis atrasado, facendo que o tronco xire sobre as pernas nun grandilocuente contraposto levando a man sobre a parte alta do peito, entre a cruz e as largas barbas, mentres dirixe cara o alto a mirada. A riqueza da paleta do pintor, quen encheu de ramas floridas douradas a azul casulla litúrxica, con forro vermello, que lle chega a media perna polo que así pode amosar por baixo as filigranas vexetais sobre a puntilla da alba que lle chega ata os pés. En canto ao báculo, que o santo bispo a penas suxeita pois ten a man semi aberta, trátase dunha sobranceira peza con motivos vexetais que remata nunha flor. Esta obra escultórica da colexiata iriense pode datarse, ao igual que o retablo, na primeira metade do século XIX, se ben polo estilo que presenta, tamén pode circunscribirse a unha cronoloxía dos anos finais do século XVIII.

2. TALLA DE SAN ROSENDO COMO BISPO EN SANTA MARÍA DE LOUREDO (MASIDE- OURENSE)

Nesta igrexa do arceprestazgo de Cea, recibiu culto a talla do santo cando estaba nun dos retablos laterais, retirado fai uns anos no curso das obras de arranxo. A razón da

súa presenza nesta parroquia se debe a que era beneficio eclesiástico do mosteiro de San Salvador de Celanova a través do pequeno mosteiro Santa Comba de Naves, que absorbeu. A talla, dun metro de altura, aproximadamente, está hoxe sen culto, fora do espazo da igrexa, tras as obras dos últimos lustros do interior nas que se retiraron os retablos laterais de finais do século XVIII, en parte reaproveitados nas composicións devocionais colocadas nas paredes laterais do arco triunfal. A obra comprende base e talla nunha soa peza. O artista talla a san Rosendo como bispo con mitra pechada por tras, vestido con capa con broche vermello pintado do que colga unha cruz da mesma cor, que abren de maneira simétrica os brazos, coas mans cubertas polas señoriais luvas da dignidade episcopal: a dereita bendice e a outra, máis baixa, leva como si dunha lanza se tratase, unha vara que remata á altura do rostro nunha especie de pedestal cadrado, elemento singular. O máis lóxico era que portase un báculo, que ben puidera ser en tempos, chegando ata a base e co curvilíneo remate inserido no remate xeométrico, hoxe liso. Mais a ausencia de indicios no pé e tamén no extremo superior finos dubidar da solución iconográfica lóxica. Outra posibilidade sería que aludise ao seu feito de fundador, mais o máis cotiá sería que portase un edificio na man. Viste un corto vestido litúrxico con puntilla pintada no extremo, por baixo do que leva ata os pés.

Parte destacada é o rostro. de cara ancha, melena curta, que a penas



Ocaña Martínez.
Proxecto Xerés, 1977. Formigón
armado policromado, col. Concello
de Celanova “Legado Anxo”.

Foto Mani Moretón

4. Carlos Abeijón, de Padrón, é o autor das fotos, ao que lle agradecemos as súas atencións. D. Roberto Martínez, recente cura da parroquia, está a divulgar a relevancia do santo neste ano xubilario, trasladándoo ata un lugar preferente diante do presbiterio no mes de marzo deste ano, do que son proba as fotos enviadas por aquel, gran amante da cultura e dos camiños de peregrinación en particular.

sobresae das orellas, mais caracteristicamente se fai presente no centro da fronte como algunha das pezas de estilo manierista de Francisco de Moure e, máis aínda, do seu mestre o portugués de Chaves, no sur leste da actual provincia de Ourense –entonces os reinos de España e Portugal estaban unidos– Alonso Martínes de Montanches. A obra é de certa calidade e antigüidade, podendo datarse no primeiro tercio do século XVII. A madeira está fendida polo eixo, sendo o seu estado de conservación deficiente tamén na policromía.

Debemos rematar. E querémolo facer tal como comezamos: con *Buciños*, coa mención da obra escollida para a portada deste artigo, que foi o modelo do sobranceiro monumento da vila de Celanova con ocasión do Milenario do nacemento do santo (907/1977), na que o manto e o báculo de Pastor definen a pose escollida. 1977 e 2007, principio e final (e volta...).



Retablo de S. Rosendo na Colexiata de Santa María de Iria Flavia (Padrón, A Coruña) e estatua do Santo, respectivamente.

Fotos Carlos Abeijón



San Rosendo na igrexa parroquial de Santa María de Louredo (Maside, Ourense).

Foto Xabier Limia



VI

ROMARÍA

ETNOGRÁFICA

RAIGAME



Primeiro premio
Milagros Fernández Silva



Segundo premio
José Luis Diz Rodríguez



Accesit
José Luis Barca Buyo



Accesit
José López Pérez